



Departamento de Biología e Xeoloxía

Información básica sobre a programación didáctica

Biología e Xeoloxía - 3º ESO

Curso 20/21

## 1.- Introducción

---

A programación deste curso ven determinada pola situación actual de pandemia da COVID 19 e se adapta as instrucións da Consellería de educación. Ten en conta as modificacións respecto a inclusión de canles que faciliten as aprendizaxes non adquiridos no curso anterior, modificacións na metodoloxía a empregar, na avaliación e a descrición de cales son as aprendizaxes imprescindibles no caso de ensino semipresencial ou non presencial.

As medidas de protección e seguridade na aula condicionan a modificación dos horarios do centro. Os alumnos da ESO teñen horario de mañá e os alumnos de BAC horario de tarde. A dinámica da aula vese condicionada polas limitacións nas interaccións entre o alumnado para a formación de grupos de traballo, uso do laboratorio ou de materiais comúns.

En caso de confinamento de alumnos, de profesores ou de toda a comunidade educativa o curso seguirá en modo virtual.

---

## 2.- 3º ESO: Bioloxía e Xeoloxía

### 2.1. Secuenciación e temporalización de contidos

#### 2.1.1. 1ª Avaliación

Avaliación	UNIDADES DIDÁCTICAS			REFERENCIA LIBRO TEXTO	Temporalización		Probas Avaliación	
	Tema	Bloque	CONTIDO		Mes	Nº sesións		
1		<b>B1</b>	<b>Bloque 1. Habilidades, destrezas e estratexias. Metodoloxía científica</b>					
		B1.1.	O vocabulario científico na expresión oral e escrita.	0	Sep	1	x	
		B1.2.	Metodoloxía científica: características básicas.					
		B1.3.	Experimentación en bioloxía e xeoloxía: obtención, selección e interpretación de información de carácter científico a partir da selección e a recollida de mostras do medio natural ou doutras fontes.					
		B1.4.	Planificación e realización do traballo experimental, e interpretación dos seus resultados.					
		B1.5.	Normas de seguridade no laboratorio, e coidado dos instrumentos e do material.					
		<b>B2</b>	<b>Bloque 2. A célula, unidade estrutural e funcional dos seres vivos</b>					
		B2.1.	Características da materia viva e diferenzas coa materia inerte.	1	Sep	1		
		B2.2.	A célula. Características básicas da célula procariota e eucariota, animal e vexetal.		Out	2		
		B2.3.	Funcións vitais: nutrición, relación e reprodución.			1		
		<b>B3</b>	<b>Bloque 3 . As persoas e a saúde. Promoción da saúde</b>					
		B3.1.	Niveis de organización da materia viva.	1	Out	3		
		B3.2.	Organización xeral do corpo humano: células, tecidos, órganos, aparellos e sistemas			2		
		B3.3.	A célula animal: estruturas celulares. Orgánulos celulares e a súa función.			Nov		3
		B3.4.	Os tecidos do corpo humano: estrutura e funcións.			5		
		B3.5.	Saúde e doenza, e factores que as determinan.	1	Dec	1		x
		B3.6.	Doenzas infecciosas e non infecciosas.			1		
		B3.7.	Hixiene e prevención. Hábitos e estilos de vida saudables.			1		
		B3.8.	Sistema inmunitario. Vacinas, soros e antibióticos.			2		
	B3.9.	Uso responsable de medicamentos.	1					
	B3.10.	Transplantes e doazón de células, sangue e órganos.	1					
	B3.11.	Substancias aditivas: tabaco, alcohol e outras drogas. Problemas asociados.	1					
	B3.12.	Alimentación e nutrición. Alimentos e nutrientes: tipos e funcións básicas.	3	Dec	1			
	B3.13.	Dieta e saúde. Dieta equilibrada. Deseño e análise de dietas. Hábitos nutricionais saudables. Trastornos da conduta alimentaria.			1			

## 2.1.2. 2ª Avaliación

Avaliación	UNIDADES DIDÁCTICAS			REFERENCIA LIBRO TEXTO	Temporalización		Probas Avaliación	
	Tema	Bloque	CONTIDO		Mes	Nº sesións		
2		<b>B3</b>	<b>Bloque 3 . As persoas e a saúde. Promoción da saúde</b>					
	6	B3.14.	Función de nutrición. Visión global e integradora de aparellos e procesos que interveñen na nutrición.	3	Xan	6	X	
		B3.15.	Anatomía e fisioloxía dos aparellos dixestivo, respiratorio, circulatorio e excretor.					
		B3.16.	Alteracións máis frecuentes e doenzas asociadas aos aparellos que interveñen na nutrición: prevención e hábitos de vida saudables.					
	7	B3.17.	Función de relación. Sistema nervioso e sistema endócrino.	4,5	Xan	2		X
		B3.18.	Órganos dos sentidos: estrutura e función; coidado e hixiene.					
		B3.19.	Coordinación e sistema nervioso: organización e función.					
		B3.20.	Doenzas comúns do sistema nervioso: causas, factores de risco e prevención.					
		B3.21.	Sistema endócrino: glándulas endócrinas e o seu funcionamento. Principais alteracións.		Feb	2		
		B3.22.	Visión integradora dos sistemas nervioso e endócrino.					
		B3.23.	Aparello locomotor. Organización e relacións funcionais entre ósos, músculos e sistema nervioso.					
		B3.24.	Factores de risco e prevención das lesións.					
	8	B3.25.	Reprodución humana. Anatomía e fisioloxía do aparello reprodutor. Cambios físicos e psíquicos na adolescencia.	6	Mar	8	X	
		B3.26.	Ciclo menstrual. Fecundación, embarazo e parto.					
		B3.27.	Análise dos métodos anticonceptivos.					
		B3.28.	Doenzas de transmisión sexual: prevención.					
		B3.29.	Técnicas de reprodución asistida.					
		B3.30.	Reposta sexual humana. Sexo e sexualidade. Saúde e hixiene sexual.					

### 2.1.3. 3ª Avaliación

Avaliación	UNIDADES DIDÁCTICAS			REFERENCIA LIBRO TEXTO	Temporalización		Probas Avaliación
	Tema	Bloque	CONTIDO		Mes	Nº sesións	
3		<b>B4</b>	<b>Bloque 4. O relevo terrestre e a súa evolución</b>				
	9	B4.1.	Modelaxe do relevo. Factores que condicionan o relevo terrestre.	7	Abril	8	1x
		B4.2.	Procesos xeolóxicos externos e diferenzas cos internos. Meteorización, erosión, transporte e sedimentación.				
		B4.3.	Augas superficiais e modelaxe do relevo: formas características.				
		B4.4.	Augas subterráneas: circulación e explotación.				
		B4.5.	Acción xeolóxica do mar: dinámica mariña e modelaxe litoral.				
		B4.6.	Acción xeolóxica do vento: modelaxe eólica.				
		B4.7.	Acción xeolóxica dos glaciares: formas de erosión e depósito que orixinan.				
		B4.8.	Factores que condicionan a modelaxe da paisaxe galega.				
		B4.9.	Acción xeolóxica dos seres vivos. A especie humana como axente xeolóxico.				
		B4.10.	Manifestacións da enerxía interna da Terra.				
		B4.11.	Actividade sísmica e volcánica: orixe e tipos de magmas.				
		B4.12.	Distribución de volcáns e terremotos. Riscos sísmico e volcánico: importancia da súa predición e da súa prevención.				
B4.13.		Sismicidade en Galicia.					
	<b>B5</b>	<b>Bloque 5. O solo como ecosistema.</b>					
10	B5.1.	O solo como ecosistema.	7	Maio	4	X1	
	B5.2.	Compoñentes do solo e as súas interaccións.					
	B5.3.	Importancia do solo. Riscos da súa sobreexplotación, degradación ou perda.					
	<b>B6</b>	<b>Bloque 6. Proxecto de investigación</b>					
11	B6.1.	Método científico. Elaboración de hipóteses, e a súa comprobación e argumentación, a partir da experimentación ou a observación.	0	Xuño	2	2x	
	B6.2.	Artigo científico. Fontes de divulgación científica.					
	B6.3.	Proxecto de investigación en equipo. Organización. Participación e colaboración respectuosa no traballo individual e en equipo. Presentación de conclusións.					

### 2.1.4. Aprendizaxes imprescindibles para a adquisición de competencias clave en caso de ensino non presencial

- Características da materia viva e diferenzas coa materia inerte.
- A célula. Características básicas da célula procariota e eucariota, animal e vexetal.
- Funcións vitais: nutrición, relación e reprodución.
- Niveis de organización da materia viva.
- Organización xeral do corpo humano: células, tecidos, órganos, aparellos e sistemas
- A célula animal: estruturas celulares. Orgánulos celulares e a súa función.
- Os tecidos do corpo humano: estrutura e funcións.
- Saúde e doenza, e factores que as determinan.
- Doenzas infecciosas e non infecciosas.

- Hixiene e prevención. Hábitos e estilos de vida saudables.
- Sistema inmunitario. Vacinas, soros e antibióticos.
- Uso responsable de medicamentos.
- Transplantes e doazón de células, sangue e órganos.
- Substancias aditivas: tabaco, alcohol e outras drogas. Problemas asociados.
- Alimentación e nutrición. Alimentos e nutrientes: tipos e funcións básicas.
- Dieta e saúde. Dieta equilibrada. Deseño e análise de dietas. Hábitos nutricionais saudables. Trastornos da conduta alimentaria.
- Función de nutrición. Visión global e integradora de aparellos e procesos que interveñen na nutrición.
- Anatomía e fisioloxía dos aparellos dixestivo, respiratorio, circulatorio e excretor.
- Alteracións máis frecuentes e doenzas asociadas aos aparellos que interveñen na nutrición: prevención e hábitos de vida saudables.
- Función de relación. Sistema nervioso e sistema endócrino.
- Órganos dos sentidos: estrutura e función; coidado e hixiene.
- Coordinación e sistema nervioso: organización e función.
- Doenzas comúns do sistema nervioso: causas, factores de risco e prevención.
- Sistema endócrino: glándulas endócrinas e o seu funcionamento. Principais alteracións.
- Visión integradora dos sistemas nervioso e endócrino.
- Aparello locomotor. Organización e relacións funcionais entre ósos, músculos e sistema nervioso.
- Factores de risco e prevención das lesións.
- Reprodución humana. Anatomía e fisioloxía do aparello reprodutor. Cambios físicos e psíquicos na adolescencia.
- Ciclo menstrual. Fecundación, embarazo e parto.
- Análise dos métodos anticonceptivos.
- Doenzas de transmisión sexual: prevención.
- Técnicas de reprodución asistida.
- Reposta sexual humana. Sexo e sexualidade. Saúde e hixiene sexual.
- Modelaxe do relevo. Factores que condicionan o relevo terrestre.

- Procesos xeolóxicos externos e diferenzas cos internos. Meteorización, erosión, transporte e sedimentación.
- Augas superficiais e modelaxe do relevo: formas características.
- Augas subterráneas: circulación e explotación.
- Acción xeolóxica do mar: dinámica mariña e modelaxe litoral.
- Acción xeolóxica do vento: modelaxe eólica.
- Acción xeolóxica dos glaciares: formas de erosión e depósito que orixinan.
- Factores que condicionan a modelaxe da paisaxe galega.
- Acción xeolóxica dos seres vivos. A especie humana como axente xeolóxico.
- Manifestacións da enerxía interna da Terra.
- Actividade sísmica e volcánica: orixe e tipos de magmas.
- Distribución de volcáns e terremotos. Riscos sísmico e volcánico: importancia da súa predición e da súa prevención.
- Sismicidade en Galicia.
- O solo como ecosistema.
- Compoñentes do solo e as súas interaccións.
- Importancia do solo. Riscos da súa sobreexplotación, degradación ou perda.
- Método científico. Elaboración de hipóteses, e a súa comprobación e argumentación, a partir da experimentación ou a observación.
- Artigo científico. Fontes de divulgación científica.

## 2.2. Relación dos aspectos curriculares

### 2.2.1. 1ª Avaliación

1ª Aval		Estándares de aprendizaxe avaliados/ Indicadores de logro				Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación							Temas transversais									
Temas	Identif. contidos	Identif. criterios	Identif. Estándar	Competencias clave	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consecución	Peso na cualificación	Instrumentos					Temas transversais									
								Pr.oral	Pr.escr	Tr.ind	Tr.grupo	Prac.Lab	Rúbrica	Observación	CL	EOE	CA	TIC	EMP	EC	PV	
1	B1.1.	B1.1.	BXB1.1.1.	CCL / CMCCT	Identifica os termos máis frecuentes do vocabulario científico e exprésase con corrección, tanto oralmente como por escrito.	70%	5%		x	x					x							
	B1.2. B1.3.	B1.2.	BXB1.2.1.	CD / CAA	Procura, selecciona e interpreta a información de carácter científico a partir da utilización de diversas fontes.	60%	5%		x	x					x	x						
			BXB1.2.2.	CD / CCL	Transmite a información seleccionada de xeito preciso utilizando diversos soportes.	60%	5%		x	x					x	x						
			BXB1.2.3.	CAA / CCL	Utiliza a información de carácter científico para formar unha opinión propia e argumentar sobre problemas relacionados.	60%	5%		x	x					x	x						
	B1.4. B1.5.	B1.3.	BXB1.3.1.	CMCCT / CSC	Coñece e respecta as normas de seguridade no laboratorio, e coida os instrumentos e o material empregado.	80%	5%		x	x					x	x						
BXB1.3.2.	CSIEE / CMCCT CAA		Desenvolve con autonomía a planificación do traballo experimental, utilizando tanto instrumentos ópticos de recoñecemento como material básico de laboratorio, argumenta o proceso experimental seguido, describe as súas observacións e interpreta os seus resultados.	70%	5%		x	x					x	x								
2	B2.1. B2.2.	B2.1.	BXB2.1.1.	CMCCT	Diferencia a materia viva da inerte partindo das características particulares de ambas.	90%	10%		x	x					x	x						
	BXB2.1.2.		CMCCT	Establece comparativamente as analogías e as diferenzas entre célula procariota e eucariota, e entre célula animal e vexetal.	90%	20%		x	x		x			x	x					x		
	B2.3.	B2.2.	BXB2.2.1.	CMCCT	Recoñece e diferencia a importancia de cada función para o mantemento da vida.	70%	10%		x	x					x	x						
			BXB2.2.2.	CMCCT	Contrasta o proceso de nutrición autótrofa e nutrición heterótrofa, e deduce a relación entre elas.	80%	10%		x	x					x	x						
3	B3.1. B3.2.B3.3.	B3.1.	BXB3.1.1.	CAA	Interpreta os niveis de organización no ser humano e procura a relación entre eles.	90%	5%		x	x					x	x						
	BXB3.1.2.		CMCCT	Diferencia os tipos celulares e describe a función dos orgánulos máis importantes.	90%	10%		x	x					x	x					x		
	B3.4.	B3.2.	BXB3.2.1.	CMCCT	Recoñece os principais tecidos que conforman o corpo humano e asóciaos á súa función.	70%	5%		x	x		x			x	x						
4	B3.5.	B3.3.	BXB3.3.1.	CSC	Argumenta as implicacións dos hábitos para a saúde, e xustifica con exemplos as eleccións que realiza ou pode realizar para promover a individual e colectivamente.	80%	10%		x	x					x	x						
	B3.6.	B3.4.	BXB3.4.1.	CMCCT	Recoñece as doenzas e as infeccións máis comúns, e relaciónaaas coas súas causas.	70%	10%		x	x					x	x						
			BXB3.4.2.	CMCCT	Distingue e explica os mecanismos de transmisión das doenzas infecciosas.	80%	10%		x	x					x	x						
	B3.7.	B3.5.	BXB3.5.1.	CSC	Coñece e describe hábitos de vida saudable e identifícaos como medio de promoción da súa saúde e da das demais persoas.	70%	10%		x	x					x	x						
			BXB3.5.2.	CSIEE / CSC	Propón métodos para evitar o contaxio e a propagación das doenzas infecciosas máis comúns.	70%	10%		x	x					x	x						
	B3.7.	B3.6.	BXB3.6.1.	CSC / CSIEE	Establece diferenzas entre as doenzas que afectan as rexións dun mundo globalizado, e deseña propostas de actuación.	40%	10%		x	x	x				x	x						
	B3.8. B3.9.	B3.7.	BXB3.7.1.	CMCCT / CSC	Explica en que consiste o proceso de inmunidade, e valora o papel das vacinas como método de prevención das doenzas.	90%	10%		x	x					x	x						
	B3.10.		B3.8.	BXB3.8.1.	CSC	Detalla a importancia da doazón de células, sangue e órganos para a sociedade e para o ser humano.	80%	10%		x	x					x	x					
	B3.11.	B3.9.	BXB3.9.1.	CSC / CSIEE	Detecta as situacións de risco para a saúde relacionadas co consumo de substancias tóxicas e estimulantes, como tabaco, alcohol, drogas, etc., contrasta os seus efectos nocivos e propón medidas de prevención e control.	80%	10%		x	x					x	x						
	B3.11.	B3.10.	BXB3.10.1.	CSC	Identifica as consecuencias de seguir condutas de risco coas drogas, para o individuo e a sociedade.	80%	10%		x	x					x	x						
5	B3.12.	B3.11.	BXB3.11.1.	CMCCT	Discrimina o proceso de nutrición do da alimentación.	40%	10%								x	x						
			BXB3.11.2.	CMCCT	Relaciona cada nutriente coa súa función no organismo, e recoñece hábitos nutricionais saudables.	30%	10%									x	x					
	B3.13.	B3.12.	BXB3.12.1.	CAA / CD	Deseña hábitos nutricionais saudables mediante a elaboración de dietas equilibradas, utilizando táboas con grupos de alimentos cos nutrientes principais presentes neles e o seu valor calórico.	60%	10%				x				x	x						
	B3.13.	B3.13.	BXB3.13.1.	CAA / CSC	Valora e determina unha dieta equilibrada para unha vida saudable e identifica os principais trastornos da conduta alimentaria.	80%	10%								x	x						



2.2.2. 2ª Avaliación

2ª Aval		Estándares de aprendizaxe avaliados/ Indicadores de logro				Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación							Temas transversais												
Temas	Identif. contidos	Identif. criterios	Identif. Estándar	Competencias clave	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consecución	Peso na cualificación	Instrumentos					Temas transversais												
								Pr.oral	Pr.escr	Tr.ind	Tr.grupo	Prac.Lab	Rúbrica	Observación	CL	EOE	CA	TIC	EMP	EC	PV				
6	B3.14.	B3.14.	BXB3.14.1.	CMCCT	Determina e identifica, a partir de gráficos e esquemas, os órganos, os aparellos e os sistemas implicados na función de nutrición, e relaciónao coa súa contribución no proceso.	70%	4%		x	x					x	x								x	
	B3.14.	B3.15.	BXB3.15.1.	CMCCT	Recoñece a función de cada aparello e de cada sistema nas funcións de nutrición.	90%	12%		x	x					x	x									
	B3.15.	B3.16.	BXB3.16.1.	CMCCT	Cofece e explica os compoñentes dos aparellos dixestivo, circulatorio, respiratorio e excretor, e o seu funcionamento.	90%	12%		x	x		x			x	x									
	B3.16.	B3.17.	BXB3.17.1.	CMCCT	Diferencia as doenzas máis frecuentes dos órganos, os aparellos e os sistemas implicados na nutrición, e asóciaas coas súas causas.	70%	12%		x	x		x			x	x									
7	B3.17. B3.18	B3.18	BXB3.18.1.	CMCCT	Especifica a función de cada aparello e de cada sistema implicados nas funcións de relación.	80%	5%		x	x					x	x									
			BXB3.18.2.	CMCCT	Describe os procesos implicados na función de relación, e identifica o órgano ou a estrutura responsables de cada proceso.	70%	5%		x	x					x	x									
			BXB3.18.3.	CMCCT	Clasifica os tipos de receptores sensoriais e relaciónaos cos órganos dos sentidos en que se atopan.	80%	5%		x	x					x	x									
	B3.19. B3.20.	B3.19.	BXB3.19.1.	CMCCT / CSC	Identifica algunhas doenzas comúns do sistema nervioso e relaciónaas coas súas causas, cos factores de risco e coa súa prevención.	70%	5%		x	x					x	x									
	B3.21.	B3.20.	BXB3.20.1.	CMCCT	Enumera as glándulas endócrinas e asocia con elas as hormonas segregadas e a súa función.	70%	10%		x	x					x	x									
	B3.22.	B3.21.	BXB3.21.1.	CMCCT	Recoñece algún proceso que teña lugar na vida cotiá no que se evidencie claramente a integración neuroendócrina.	80%	5%		x	x					x	x									
	B3.23.	B3.22.	BXB3.22.1.	CMCCT	Localiza os principais ósos e músculos do corpo humano en esquemas do aparello locomotor.	80%	10%		x	x					x	x									x
	B3.23.	B3.23.	BXB3.23.1.	CMCCT	Diferencia os tipos de músculos en función do seu tipo de contracción, e relaciónaos co sistema nervioso que os controla.	70%	5%		x	x					x	x									
B3.24	B3.24	BXB3.24.1.	CSC / CAA	Identifica os factores de risco máis frecuentes que poden afectar o aparello locomotor e relaciónaos coas lesións que producen.	70%	5%		x	x					x	x										
8	B3.25.	B3.25.	BXB3.25.1.	CMCCT	Identifica en esquemas os órganos do aparello reprodutor masculino e feminino, e especifica a súa función.	80%	5%		x	x					x	x									
	B3.26.	B3.26.	BXB3.26.1.	CMCCT	Describe as principais etapas do ciclo menstrual e indica que glándulas e que hormonas participan na súa regulación.	80%	10%		x	x					x	x									
			BXB3.26.2.	CMCCT	Identifica os acontecementos fundamentais da fecundación, do embarazo e do parto	80%	5%		x	x					x	x									
	B3.27. B3.28.	B3.27.	BXB3.27.1.	CMCCT	Discrimina os métodos de anticoncepción humana.	80%	10%		x	x					x	x									
			BXB3.27.2.	CMCCT/CSC/ CCEC	Categoriza as principais doenzas de transmisión sexual e argumenta sobre a súa prevención.	80%	5%		x	x					x	x									
	B3.29.	B3.28.	BXB3.28.1.	CMCCT	Identifica as técnicas de reprodución asistida máis frecuentes.	70%	5%		x	x					x	x									
B3.30.	B3.29.	BXB3.29.1.	CSC / CCEC	Actúa, decide e defende responsablemente a súa sexualidade e a das persoas do seu contorno.	70%	5%		x	x					x	x										

## 2.2.3. 3ª Avaliación

3ª Aval		Estándares de aprendizaxe avaliados/ Indicadores de logro				Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación							Temas transversais										
Temas	Identif. contidos	Identif. criterios	Identif. Estándar	Competencias clave	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consecución	Peso na cualificación	Instrumentos					Temas transversais										
								Pr.oral	Pr.escr	Tr.ind	Tr.grupo	Prac.Lab	Rúbrica	Observación	CL	EOE	CA	TIC	EMP	EC	PV		
9	B4.1.	B4.1.	BXB4.1.1.	CMCCT	Identifica a influencia do clima e das características das rochas que condicionan os tipos de relevo e inflúen neles.	80%	10%		x	x													
	B4.2.	B4.2.	BXB4.2.1.	CMCCT	Relaciona a enerxía solar cos procesos externos, e xustifica o papel da gravidade na súa dinámica.	80%	10%		x	x													
			BXB4.2.2.	CMCCT	Diferencia os procesos de meteorización, erosión, transporte e sedimentación, e os seus efectos no relevo.	90%	10%		x	x													
	B4.3.	B4.3.	BXB4.3.1.	CMCCT	Analiza a actividade de erosión, transporte e sedimentación producida polas augas superficiais, e recoñece algún dos seus efectos no relevo.	90%	10%		x	x													
	B4.4.	B4.4.	BXB4.4.1.	CMCCT / CSC	Valora e analiza a importancia das augas subterráneas e os riscos da súa sobreexplotación.	90%	10%		x	x													
	B4.5.	B4.5.	BXB4.5.1.	CMCCT	Relaciona os movementos da auga do mar coa erosión, o transporte e a sedimentación no litoral, e identifica algunhas formas resultantes características.	90%	10%		x	x													
	B4.6.	B4.6.	BXB4.6.1.	CMCCT	Asocia a actividade eólica cos ambientes en que esta actividade xeolóxica pode ser relevante.	80%	5%		x	x													
	B4.7.	B4.7.	BXB4.7.1.	CMCCT	Analiza a dinámica glaciaria e identifica os seus efectos sobre o relevo.	70%	5%		x	x													
	B4.8.	B4.8.	BXB4.8.1.	CCEC / CAA	Investiga acerca da paisaxe do seu contorno máis próximo e identifica algúns dos factores que condicionaron a súa modelaxe.	70%	10%		x	x	x								x				
	B4.9.	B4.9.	BXB4.9.1.	CMCCT	Identifica a intervención de seres vivos en procesos de meteorización, erosión, transporte e sedimentación.	80%	10%		x	x													
			BXB4.9.2.	CSC / CCEC	Valora e describe a importancia das actividades humanas na transformación da superficie terrestre.	70%	10%		x	x													
	B4.10.	B4.10.	BXB4.10.1.	CMCCT	Diferencia un proceso xeolóxico externo dun interno e identifica os seus efectos no relevo.	80%	10%		x	x													
	B4.11.	B4.11.	BXB4.11.1.	CMCCT	Coñece e describe como se orixinan os sismos e os efectos que xeran.	80%	10%		x	x													
BXB4.11.2.			CMCCT	Relaciona os tipos de erupción volcánica co magma que as orixina, e asóciaos co seu grao de perigo.	70%	10%		x	x														
B4.12.	B4.12.	BXB4.12.1.	CAA / CMCCT	Xustifica a existencia de zonas en que os terremotos son máis frecuentes e de maior magnitude.	80%	10%		x	x														
B4.12. B4.13.	B4.13.	BXB4.13.1.	CAA / CSC	Valora e describe o risco sísmico e, de ser o caso, volcánico existente na zona en que habita, e coñece as medidas de prevención que debe adoptar.	80%	10%		x	x														
10	B5.1. B5.2.	B5.1.	BXB5.1.1.	CMCCT	Recoñece que o solo é o resultado da interacción entre os compoñentes bióticos e abióticos, e sinala algunha das súas interaccións.	70%	10%		x	x													
	B5.3.	B5.2.	BXB5.2.1.	CMCCT / CSC	Recoñece a fragilidade do solo e valora a necesidade de protexelo.	80%	10%		x	x													
	B6.1	B6.1	BXB6.1.1.	CAA / CMCCT	Integra e aplica as destrezas propias do método científico.	80%	5%		x	x													
B6.1	B6.2.	BXB6.2.1.	CAA / CCL	Utiliza argumentos que xustifiquen as hipóteses que propón.	90%	5%		x	x														
B6.2.	B6.3.	BXB6.3.1.	CMCCT / CD	Utiliza fontes de información apoiándose nas TIC, para a elaboración e a presentación das súas investigacións.	70%	5%		x	x										x				
B6.3.		BXB6.4.1.	CAA / CMCCT CSC / CSIEE	Participa, valora e respecta o traballo individual e en grupo.	80%	5%		x	x														
B6.3.	B6.5.	BXB6.5.1.	CSIEE / CD	Deseña pequenos traballos de investigación sobre animais e/ou plantas, os ecosistemas do seu contorno ou a alimentación e a nutrición humana, para a súa presentación e defensa na aula.	70%	5%		x	x														
		BXB6.5.2.	CCL / CCEC	Expresa con precisión e coherencia as conclusións das súas investigacións, tanto verbalmente como por escrito.	80%	5%		x	x	x													

## 2.3. Avaliación

### 2.3.1. Avaliación inicial

Consistirá na observación directa do traballo dos alumnos na aula a través dunha visión xeral dos contidos que van ser desenvolto durante o curso. Ó longo destas clases faranse preguntas (tanto orais coma escritas) co fin de descubrir o punto de partida dos alumnados/as ademais de avaliar aspectos procedementais coma a expresión ou comprensión. Os resultados das avaliacións iniciais permiten formar unha idea inicial sobre as características do grupo, o cal á súa vez determinará o desenvolvemento da materia. Cando se estime necesario os resultados serán comunicados ás familias.

### 2.3.2. Procedementos e instrumentos de avaliación

Exames escritos de preguntas breves que permitirán avaliar o grado de adquisición dos estándares de aprendizaxe tanto conceptuais coma procedementais.,

Participación e actitude na aula, aproveitamento do tempo, traballo e esforzo persoal que se avaliará a través das anotacións realizadas no caderno do profesor

Traballos individuais e en grupo nos que se avaliarán certos estándares de aprendizaxe da materia tendo en conta o seu desenvolvemento (organización e aproveitamento do tempo, actitude...). A presentación do traballo pode ser escrito (en distintos soportes: presentacións, procesador textos, video...) ou ben mediante a exposición oral do mesmo.

### 2.3.3. Criterios de cualificación

Cualificación final de cada avaliación:

Os exames escritos representan o 75% da nota, a actitude na aula un 15% e os traballos un 10%.

A nota media dos exames escritos obtérase ó facer a media aritmética das notas obtidas. Para poder facer media, a nota mínima das probas terá que ser de 4. Considerarase que esta parte da materia está superada se se acada unha media igual ou superior a 5.

Para a valoración dos traballos terase en conta o rigor científico, a expresión oral ou escrita segundo o caso, a presentación e o nivel de coñecemento que demostre.

A valoración do traballo na aula farase a través do caderno do profesor mediante anotacións periódicas sobre cada alumno ou alumna tendo en conta a actitude diaria na aula, o aproveitamento do tempo, participación, atención, asistencia, esforzo, respecto polo seu traballo e polo dos demais compañeiros e compañeiras e puntualidade na entrega.

Observacións na aula: as malas actitudes, falta de traballo e aproveitamento do tempo poderán ser causa da non superación da avaliación. Neste caso a maneira de recuperar esa avaliación será cambiar estas condutas.

**Medidas de recuperación:** As medidas a aplicar para a recuperación dunha avaliación dependerán das causas de non ter superada dita avaliación:

Nas probas escritas se se acada unha cualificación inferior a 4, o alumno ou alumna terá que repetir esta proba na recuperación final da avaliación que se realizará á volta das vacacións (salvo na terceira avaliación que coincidirá coa recuperación final da materia)..

Nos traballos e proxectos se o alumno ou alumna non entregou o caderno ou traballos da avaliación ou estes non acadaron o mínimo na cualificación (incompletos, entregados fora de prazo, baixa calidade, copia parcial ou total dos mesmo...) terán que ser entregados novamente debidamente completados na data fixada polo profesor/a.

Observacións na aula: as malas actitudes, falta de traballo e aproveitamento do tempo poderán ser causa da non superación da avaliación. Neste caso a maneira de recuperar esa avaliación será cambiar estas condutas.

Proba de xuño: O alumnado que non teña superada a materia dalgunha ou todas as avaliacións, disporá dun exame final en xuño. Este exame terá cuestións de cada unha das avaliacións por separado, de modo que o alumno só terá que facer a parte suspensa nas recuperacións realizadas durante o curso. Este exame incluírá preguntas de desenvolvemento dos estándares de aprendizaxe puramente conceptuais, por outra banda, poderase esixir a entrega do caderno de actividades e traballos desenvolto durante a materia có fin de avaliar os estándares de aprendizaxe máis procedementais.

A nota final da materia obterase calculando a media aritmética das tres avaliacións. A materia considerarase superada se o alumno/a non ten ningunha avaliación suspensa. O redondeo da nota aplicarase a partir do decimal 2 cara arriba ou cara abaixo dependendo do traballo, actitude, interese e implicación de cada alumno e alumna durante o desenvolvemento da materia.

#### **2.3.4. Avaliación extraordinaria**

Proba de setembro: Se os alumnos/as non superaran a materia en Xuño disporán dun exame escrito con todo o temario no mes de Setembro. Tamén se poderá esixir a entrega de fichas de actividades ou proxectos en Setembro cós que avaliar os estándares de aprendizaxe máis procedementais.

#### **2.3.5. Recuperación de pendentes**

Os alumnos pendentes terán unha reunión ó principio de curso coa xefa de departamento e unha titoría mensual en horario extraescolar, na que se fará a planificación do traballo a realizar, resolución de dúbidas e corrección dos exercicios propostos. Os alumnos/as disporán dun exame por avaliación co temario de cada avaliación e en datas que se farán públicas o comezo do curso. Tamén se poderá esixir a entrega de fichas de actividades ou proxectos cós que avaliar os estándares de aprendizaxe máis procedementais. No caso de que o alumno/a non aprobe por avaliacións terá un exame final en Xuño de toda a materia.

### **2.3.6. Avaliación en caso de ensino non presencial**

En cada tema facilitarase a través de e-dixgal os documentos e os exercicios correspondentes co seu o prazo de entrega, así como as datas dos exames que sempre que sexa posible realizaranse de modo presencial, se tiveran que ser a distancia utilizaríanse a aula virtual e as webcams.

O alumno/a que non acada un 5 na avaliación terá que recuperar e as medidas a aplicar para a recuperación dependerán das causas de non ter superada dita avaliación:

Nos exames se se acada unha cualificación inferior a 4, o alumno ou alumna terá que repetir esta proba na recuperación final da avaliación que se realizará á volta das vacacións (salvo na terceira avaliación que coincidirá coa recuperación final da materia)..

Nos traballos e cuestionarios se o alumno ou alumna non os entregou ou estes non acadaron o mínimo na cualificación (incompletos, entregados fora de prazo, baixa calidade, copia parcial ou total dos mesmo...) terán que ser entregados novamente debidamente completados na data fixada polo profesor/a.

## **2.4. Plan de reforzo e recuperación de aprendizaxes imprescindibles non adquiridos no curso 2019/20**

A materia é nova, en segundo de ESO os alumnos non cursaron Bioloxía e Xeoloxía.